


**OS ARTRÓPODOS, E EN CONCRETO OS INSECTOS, SON SEN DÚBIDA O GRUPO MÁIS DIVERSO E ABUNDANTE DO PLANETA, XA QUE SE CALCULA QUE EXISTEN 1.000.000 DE ESPECIES DE INSECTOS, UNHAS 100.000 DE ARÁCNIDOS, 11.500 DE MIRIÁPODOS E UNHAS 47.000 DE CRUSTÁCEOS.**

De cada 3 especies de animais, 2 son insectos e estímose que por cada persoa existen uns 300 millóns de individuos de insectos.

Pero ademais de ser moitos, os insectos xogan un extraordinario e valioso papel nas nosas vidas, desempeñan tarefas chaves na polinización, o ciclo de nutrientes, as cadeas alimenticias de aves e outros insectívoros, e son un dos alicerces dos nosos ecosistemas.



[www.entomologica.es/](http://www.entomologica.es/)



[www.ecologistasenaccion.org](http://www.ecologistasenaccion.org)



Esta actividad recibe financiación del:



[ecologistasenaccion.org/  
sin-biodiversidad-no-hay-vida](http://ecologistasenaccion.org/sin-biodiversidad-no-hay-vida)





España pola súa situación xeográfica, o seu carácter peninsular e insular e as súas vicisitudes bioxeográficas é un dos territorios con maior diversidade de artrópodos de Europa e unha das zonas máis ricas en insectos. Incomprendiblemente aínda se descoñece o estado de conservación de gran parte desta fauna, mesmo en grupos de alta utilidade como os insectos polinizadores ou os insectos saproxílicos (que dependen nalgún momento do seu ciclo da madeira morta).

Os insectos en xeral áchanse en claro declive xa que se estima que a súa taxa de extinción pode ser ata oito veces máis rápida que a dos mamíferos, aves e réptiles. En 2017, un estudo demostrou que se reduciu máis do 75% da biomasa de insectos voadores en áreas protexidas de Alemaña, e en 2019 realizouse outro estudo que asegura que existe unha ameaza catastrófica e predí a extinción a gran escala do 40% das especies de insectos nos próximos 100 anos, sendo bolboretas, avelaiñas, libélulas, abellas, formigas e escaravellos coprófagos (do esterco) os máis ameazados.

As principais ameazas que sofren os insectos son as actividades humanas, especialmente os cambios de uso do chan que reducen os recursos, o uso de biocidas, enfermidades infecciosas emerxentes, especies domésticas introducidas e os efectos do cambio climático.

Especialmente preocupante é que os insectos polinizadores, que realizan un papel esencial tanto para a flora silvestre como para moitos cultivos, áchanse en declive en todo o mundo, sen valorar que a súa desaparición poría en risco o abastecemento mundial. As poboacións de abellas silvestres están a verse moi afectadas pola utilización de biocidas (herbicidas, funxicidas, insecticidas) e entre eles os neonicotinoides, actuando independentemente ou en sinerxías con outros factores de ameaza.

Se o declive nas poboacións de insectos continúa, o seu papel nos ecosistemas estará gravemente afectado. Por iso é urxente que se aproben novos programas de protección e medidas de conservación máis restritivas para asegurarmos a súa conservación.



Á evidente importancia ecolóxica dos insectos, únese a súa importancia económica, social e cultural. Algúns insectos, ademais, elaboran produtos derivados das súas actividades como o mel, o pole, a cera, a xelea real, a seda, as lacas, o vermello carmín ou os taninos que son aproveitados con fins económicos.

Ademais, varias especies de insectos poden empregarse como controladores biolóxicos contra as pragas, evitando os efectos contaminantes dos insecticidas químicos tradicionais. Estas especies son os inimigos naturais dominantes e máis efectivos dalgúns insectos praga.



**A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE ENTOMOLOGÍA E ECOLOXISTAS EN ACCIÓN ANIMAN A TODAS AS PERSOAS E ÁS ADMINISTRACIÓNS A COLABORAREN NA CONSERVACIÓN DOS INSECTOS, A INFORMARSE DA SÚA GRAN IMPORTANCIA ECOLÓXICA E A EVITAR QUE SE MATEN DE MANEIRA INNECESARIA E GRATUÍTA.**